



Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 131/2017**

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por , mediante escrito do 20 de decembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 20 de decembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de acceso á información presentada ante o Concello de Caldas de Reis

O reclamante manifesta o seu desacordo coa motivación da resolución do Concello de Caldas de Reis do 18 de decembro de 2017, na que se inadmite a trámite a súa solicitude de remisión da información sobre relación de locais para os que se solicitou licencia de obra ou autorización previa con destino a hostalería (café-bar, cafetería, taberna e restaurante) nos meses de setembro, outubro e novembro de 2017.

O reclamante considera que a súa petición é concreta e precisa e non está formulada de forma xenérica, como mantén o concello na súa resolución, e que non se trata dunha petición que requira reelaboración da información para a súa resolución, de acordo cos criterios 7/2015 e 3/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, ao contrario do que mantén o concello. Ase mesmo o reclamante considera que na resolución non se informa

adecuadamente do recurso que ten contra a mesma e entende que a resolución adoece de falta de motivación.

O escrito viña acompañado da solicitude dirixida o 11 de decembro de 2017 ao concello, e a resolución notificada polo concello no que consta a inadmisión da súa petición.

**Segundo.** Con data 27 de decembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Caldas de Reis para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 2 de xaneiro de 2018

**Terceiro.** Con data 12 de xaneiro de 2018 o concello contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

No informe se indica que a inadmisión está fundamentada nun informe xurídico que se achega con todo o expediente, que considera que a petición é xenérica e que require dun exame e clasificación das solicitudes que se formularon no período de setembro a novembro de 2017, que se apunta un interese non particular nun caso concreto e que se aparta do obxecto que protexe a lei de transparencia. A través do informe engádesse para reafirmar o antedito que *“non se trata dunha solicitude de acceso á información senón da solicitude de confección dun informe ad hoc sobre os locais para os que se formulou solicitude de licencia ou comunicación previa no concello nun determinado período de tempo. Se trata dun documento que non existe e que debería ser confeccionado exprofeso e para este caso concreto. Tal solicitude excede do contido do dereito de acceso á información pública e de xeneralizarse peticións similares podería causar un grave trastorno para o normal funcionamento do Concello.*

*O interesado non pretende acceder a un expediente ou información pública existente nos arquivos, senón que se lle faciliten uns datos ordenados e clasificados.”*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento para a resolución das reclamacións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, tendo estas carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se tramitarán de acordo co disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

O artigo 24 da Lei 1/2016 reconece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

O interesado presentou a reclamación ante a Comisión dentro do prazo dun mes dende a notificación da resolución recorrida, polo que debe admitirse por terse presentada en prazo.

#### **Quinto. Análise do expediente**

O reclamante solicitou do Concello de Caldas de Reis unha relación de locais para os que se solicitou licencia de obra ou certificación previa con destino a hostalería (café-bar, cafetería, taberna e restaurante) nos meses de setembro, outubro e novembro de 2017.

O dereito de acceso á información pública permite a todas as persoas o acceso á información pública, entendida esta, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións .

Os artigos 14 e 15 da Lei 19/2013 establecen os límites ao acceso á información pública, límites que deben aplicarse restritivamente, de forma xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección, e nos casos nos que proceda a inadmisión, debe motivarse adecuadamente. No caso de que na información solicitada figuren datos de carácter persoal, establece a Lei que procederase á súa disociación de xeito que se impida a identificación da persoa afectada.

En este sentido, a sentenza do Tribunal Supremo nº 1547/2017 consagra a necesidade de interpretar de xeito restritivo os límites e excepcións legais en materia de acceso á información *prevista no artigo 14.1.h/ da Lei 19/2013, do 9 de decembro (cando o acceso á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais) que ao igual que sucede coas causas de inadmisión de solicitudes de información que enumera o artigo 18, deben ser interpretadas de forma estrita e partindo da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.*

*Claramente o deixa así sinalado o artigo 14.2 da Lei 19/2013 cando dispón "(...) 2. A aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso" por tanto a posibilidade de limitar o dereito de acceso á información non constitúe unha potestade discrecional da administración."*

No caso que nos ocupa o concello de Caldas de Reis dispón dunha xestión municipal moderna con sede electrónica e plataforma para a xestión de expedientes e os datos solicitados polo hoxe recorrente, teñen un contido moi concreto: relación de locais para os que se solicitou licenzia de obra ou certificación previa con destino a hostalería nos meses de setembro a novembro de 2017.

A páxina web do concello ofrece en formato pdf o modelo de solicitudes de licenzia de obras. Este documento advirte de que o mesmo será obxecto dun tratamento automatizado e incorporado a ficheiros de información do concello e que reúnen todos os requisitos que establece a normativa de protección de datos de carácter persoal, polo que, parece difícil que dos ficheiros non se poda extraer a consulta realizada de forma automática, sen ningún prexuízo para a xestión do concello.

Os criterios interpretativos do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno aos que alude o reclamante no seu escrito, establece que a reelaboración dunha información supón volver a elaborar algo, e que por reelaboración non podemos entender mera agregación, a suma de datos ou o mínimo tratamento dos mesmos. Para que se poida inamitar unha solicitude por que proporciionala supoña reelaboración, deberase ter que confeccionar expresamente facendo uso de diversas fontes de información; así mesmo, podemos entender por reelaboración, aqueles casos nos que o organismo ou entidade careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información requirida, circunstancias que non se aprecian no presente caso.

En canto á xustificación da inadmisión por que a solicitude non sexa xustificada coa finalidade da lei, debe terse en conta que a finalidade desta é someter a escrutinio a acción dos responsables públicos, permitir coñecer como se toman as decisións públicas, como se manexan os fondos públicos e cales son os criterios de actuación das institucións públicas.

Os criterios citados dan unhas pautas claras para entender que unha solicitude non se axusta á finalidade da lei cando non poida ser reconducida a ningunha das finalidades sinaladas, e así resulte do acordo cunha ponderación razoada e baseada en indicadores obxectivos ou cando o solicitado careza da consideración de información pública de acordo coa definición legal, circunstancias que non se dan no presente caso.

De acordo co anterior, considérase que a petición realizada é unha petición de información pública e o concello dispón dos medios para facilitar esa información sen menoscabo para a súa actividade ordinaria, polo que procede estimar a reclamación presentada, recoñecendo o dereito do petionario a obter a información solicitada.

En base aos antecedentes e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

## ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 21 de decembro de 2017, contra a resolución do Concello de Caldas de Reis do 18 de decembro de 2017 pola que se inadmite a súa solicitude.

**Segundo:** Instar a Concello de Caldas de Reis a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a información solicitada, respectando os límites establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013 e de acordo co disposto no artigo 22 da mesma Lei, no referente á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Concello de Caldas de Reis a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga